

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR PARTE DA ENTIDADE AGESTIC, POLO PROCEDIMENTO ABERTO DE TRAMITACIÓN ORDINARIA, DUN SERVIZO QUE SE CONCRETARÁ NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES REFERIDAS A ANÁLISE DA SOSTIBILIDADE DO PROXECTO E AO DESENVOLVEMENTO E TITORIZACIÓN DE ACCIÓN FORMATIVAS, NO MARCO DO PROXECTO NACCE (EXPTE.0551), APROBADO NA SEGUNDA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA – PORTUGAL 2007 -2013.

Primeira. OBXECTO DO CONTRATO.

O presente prego ten por obxecto regular as condicións técnicas polas que se debe rexer a contratación de servizos para o apoio á entidade AGESTIC (Asociación Gallega de Empresas de Tecnoloxías de Información y Comunicación) no desenvolvemento de diversas tarefas, na súa condición de beneficiario do proxecto NACCE (Expte: 0551_NACCE), no marco da segunda convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2007-2013.

O proxecto europeo NACCE ten por obxectivo principal incentivar a cooperación empresarial en empresas TIC situadas no espazo transfronteirizo, estimular a aparición de novas iniciativas empresariais neste campo así como fomentar procesos de internacionalización do negocio. O proxecto contará co apoio ao longo da execución do mesmo, dun Núcleo de Apoio á Competitividade e á Creación de Empresas, composto por socios e colaboradores (profesionais TIC, expertos en procesos de internacionalización e/ou innovación, empresarios, etc.), que potenciarán a formación e asesoramento das Pemes TIC transfronteirizas nos seguintes aspectos: proxectos TIC en ámbitos colaborativos, internacionalización do negocio e creación de empresas TIC e posta en marcha de novas liñas de negocio TIC en empresas xa constituídas. Para máis información achégase no Anexo I deste prego unha relación das actividades que constitúen o proxecto.

Se temos en conta as especialidades do traballo, así como, o persoal do que é preciso dispor para realizalo e a cualificación que este persoal debe posuír, esta entidade non dispón de medios persoais e materiais axeitados ao traballo que se quere executar, e non resulta conveniente a ampliación dos medios persoais cos que conta, motivos polos que se xustifica a necesidade de contratar os servizos profesionais correspondentes.

Segunda. OBRIGAS XERÁIS DA ENTIDADE ADXUDICATARIA.

As tarefas previstas para a realización da presente contratación de servizo, dentro da súas respectivas actividades do proxecto NACCE, son as que se sinalan a continuación:

1. “ANÁLISE DO PROXECTO NACCE DE CARA Á AVALIACIÓN E SOSTIBILIDADE DO MESMO (ZONA SUR DE GALICIA LÍMITROFE CON NORTE DE PORTUGAL)”.

O servizo a contratar consiste na realización dunha análise pormenorizada das condicións técnicas e estruturais coas que se debe dotar ao proxecto NACCE para garantir a súa viabilidade e transferabilidade máis alá do seu período de cofinanzamento por parte do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP). A metodoloxía empregada para a realización de tal análise, deberá permitir avaliar aspectos tales como actividades a desenvolver,

recursos humanos, económicos e materiais necesarios, compromisos co partenariado e socios do Núcleo. O ámbito da análise circunscribírase ás rexións de Pontevedra e Ourense.

Como resultado da análise realizada, deberase obter unha matriz DAFO e una proposta de actuacións ou plan de resposta ás debilidades, fortalezas, oportunidades e ameazas detectadas.

A información aportada polas tarefas de prospección levadas a cabo, servirá como base para a elaboración por parte de persoal de AGESTIC, dun Plan Director de Sostibilidade NACCE 2013-2018.

2. ACCIÓNS FORMATIVAS A PEMES TIC TRANSFRONTEIRIZAS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN DE PROXECTOS

Contratación do desenvolvemento das guías didácticas de 3 accións formativas en modalidade e-learning, coas seguintes características:

- AF01
 - Nome da AF: “Aspectos xerais a ter en conta á hora de afrontar a internacionalización empresarial das PEMES TIC”
 - Horas lectivas: 160 horas.
 - Obxectivos:
 - Ofrecer aspectos fundamentais da operativa do comercio e finanzas internacionais.
 - Dar a coñecer nocións claves en estratexia internacional.

- AF02:
 - Nome da AF: “Xestión estratéxica de negocios internacionais en PEMES TIC”
 - Horas lectivas: 120 horas.
 - Obxectivos:
 - Achegar ao alumno estratexias en negociación internacional.
 - Ofrecer técnicas de marketing internacional.

Servizos a prestar pola empresa:

- Deseño e elaboración das guías didácticas de cada unha das accións formativas.

3. ACCIÓNS FORMATIVAS SOBRE A CREACIÓN DE EMPRESAS E NOVAS LIÑAS DE NEGOCIO DE PEMES TIC TRANSFRONTERIZAS.

Contratación da tutorización de 3 accións formativas en modalidade e-learning, coas seguintes características:

- AF01

- Nome da AF: “Cómo afrontar a creación dunha empresa e cómo enfocar unha nova liña de negocio baseada nas TIC”.
- Horas lectivas: 80 horas.
- Obxectivos:
 - Dar a coñecer ao alumno os aspectos clave do plan de negocio.
 - Achegar ao alumno os procedementos fundamentais na posta en marcha do seu negocio (forma xurídica da empresa, trámites administrativos).

▪ AF02:

- Nome da AF: “Aspectos xerais na creación dunha empresa de base tecnolóxica”.
- Horas lectivas: 80 horas.
- Obxectivos:
 - Aspectos clave na creación dunha EBT e Spin Off.
 - Coñecemento das características e fases da posta en marcha e desenvolvemento de proxectos innovadores.

▪ AF03:

- Nome da AF: “Marketing dixital”.
- Horas lectivas: 80 horas.
- Obxectivos:
 - Coñecemento do consumidor e planificación estratéxica de medios online.
 - Medición da eficacia e desenvolvemento de habilidades de xestión.

Servizos a prestar pola empresa:

- A empresa adxudicataria deberá tutorizar a formación nas datas que se acorden, respectando os contidos das guías didácticas, así como as condicións e requisitos que se desprendan deste contrato.
- Memoria final das accións formativas. Os instrumentos de avaliación das accións formativas para elaborar a memoria final serán consensuados entre AGESTIC e a empresa adxudicataria.

A entidade adxudicataria deberá garantir que todas as actuacións que se desenvolvan no marco deste proxecto garden correspondencia con sistemas de xestión de calidade aplicable ao desenvolvemento, xestión e execución de proxectos e plans formativos, e que a súa vez, conteñan métodos de seguimento e avaliación en base ao modelo EFQM, a norma ISO 9001:2008 ou normas e modelos de xestión da calidade de carácter similar. Así como, a coherencia coas políticas comunitarias en materia de protección medioambiental.

Terceira. MEDIOS TÉCNICOS E HUMANOS.

A entidade adxudicataria deberá contar cos medios propios, de toda índole, necesarios para levar a cabo con éxito os traballos obxecto do contrato.

O persoal da empresa adxudicataria deberá ter unha experiencia profesional mínima de 2 anos que deberá acreditarse en traballos de realización de estudos de investigación, deseño de materiais formativos e tutorización de accións formativas.

Cuarta. SEGUIMIENTO DOS SERVICIOS.

Para o desenvolvemento dos servizos a contratar, AGESTIC poderá requirir da entidade adxudicataria, en calquera momento, calquera información que considere necesarios para o seguimento da súa actividade, ou ben poderá convocar as reunións que considere oportunas cos responsables da empresa adxudicataria para analizar a información facilitada.

En Lugo, a 22 de 02 de 2012,

José María López Bourio

Presidente de AGESTIC